



Os castros son poboados fortificados da Idade de Ferro. Os seus habitantes foron os primeiros poboadores sedentarios de Galicia. No concello contabilízanse ata 14, os máis antigos son dos séculos IX-VIII antes da nosa era. A Fundación Terra Termarum xestiona o castro de Castrolandín. Un valioso conxunto arqueolóxico, a 900 metros de Cuntis, que ofrece ao visitante unha completa interpretación sobre os castros e a vida dos seus moradores. Máis información: www.castrolandin.es


o conxunto arqueolóxico de castrolandín



No obradoiro de cerámica castrexa podemos ver como se elaboraba a cerámica hai máis de 2000 anos: as mesmas olas, xerras e pratos que utilizaban os habitantes de Castrolandín.

Entrada ao castro libre. Para a reserva de visitas guiadas, audioguías e obradoiros didácticos: visitas@castrolandin.es ou no Tlf. 986 53 26 68

A curva das escaleiras dificultaba o acceso ao castro en caso de ataque.



Tereixa Pervosa | info@terceirapersona.com | diseño edema | fotografías: Alva V. Carpenier e Ciria Grafica



CONCELLO DE CUNTIS
CONCELLARÍA DE CULTURA, TURISMO, DEPORTE,
XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



"A maxia dun destino"
www.riasbaixas.org

Cuntis

SAÚDE E HISTORIA

Cuntis inscribese nun amplo val preto da ría de Arousa. O seu territorio está flanqueado por dous conxuntos montañosos, o Xesteiras, con 718 m, e a cadea que percorre o límite oriental do concello, con 545 m no castro Sebil. O contraste de relevo, a riqueza dos solos aluviais e a suavidade do clima son o fundamento dunha mesta e temperá ocupación que se remonta ao Paleolítico.


a arte prehistórica

Mámoas, petróglifos e castros testemuñan a humanización prehistórica da paisaxe. Os primeiros habitantes de Cuntis deixaron unha fonda pegada no territorio. A súa memoria chegounos tamén a través de lendas populares protagonizadas por míticos mouros. Máis información: www.turismodecuntis.com

Os gravados de forma circular ou labiríntica son os máis abundosos. Para moitos arqueólogos, as representacións con animais indican lugares de caza ou de paso das mandas.



Petróglifo do Outeiro do Forno da Tella



Petróglifo do Outeiro dos Campiños



o termalismo

Cuntis é un recoñecido centro termal dende época romana; na actualidade conta co balneario máis grande de Galicia. As augas mineromedicinais, grazas á súa privilexiada composición química-física e biolóxica, utilízanse para tratamentos cosméticos, antiestrés e como paliativo de diversas enfermidades.

Espazo lúdico-termal que combina ocio e beneficio terapéutico. Para as persoas que buscan unha saúde integral existen programas de hidroterapia, termoterapia, masaxes...
Información e reservas: www.termasdecuntis.com

Nas burgas de Cuntis apareceron ofrendas de moedas coa efixie dos emperadores Augusto e Nerón e aras dedicadas ás ninfas, as deidades clásicas das augas.

o casco antigo

A actual vila de Cuntis, de fundación romana, naceu en torno aos mananciais de augas termais. En época medieval, integrouse no señorío de Santiago e no ano 1821 creouse o concello de Baños de Cuntis.



- Punto de Información turística**
- Inicio de rutas de sendeirismo**
- Burga**
- Monumento aos canteiros**
- Casa Reitoral, s. XVI**
- Casa da Cultura, s. XVII**
- Burga do Castro**
- Burga da Rúa do Balneario**
- Burga do Foxo**
- Lavadoiro termal**

No casco antigo atopamos varias casas nobres. A igrexa, reconstruída no barroco a partir do anterior templo románico, formou parte do antigo mosteiro de Santa María de Termis. O diálogo urbanístico entre o parcelario e as numerosas prazas, zonas axardinadas e monumentos fai de Cuntis un interesante conxunto.

Cuntis conta con varias rutas concibidas para pasear e descubrir a súa historia.
Máis información: www.turismodecuntis.com



Ao carón da vila, sobre a mesma, está o parque de Maráns e o monumento do Sagrado Corazón, obra de Asorey.



o contorno

O concello conta con varias igrexas e capelas con orixe nos séculos XII e XIV, como as de Couselo e Estacas. Situadas a media ladeira, o dominio visual que exercen sobre o val evócanos o poder que tiveron antano.

A actual igrexa parroquial de San Breixo, en Arcos de Farcos, foi trasladada pedra a pedra dende as proximidades do lugar de Arcos de Arriba, no que houbo un antigo mosteiro anterior ao s. IX. No exterior consérvanse tres escenas dun retablo gótico en pedra.



A casa reitoral de Estacas, co seu monumental hórreo edificado en pendente, é o máximo expoñente das casas nobres e pazos da zona.



lecer e deporte na natureza

No concello de Cuntis existen varias rutas de sendeirismo homologadas; son sendeiros de pequeno e longo percorrido para facer deporte en contacto coa natureza.

Máis información sobre os PRG-20, PRG-21 e GR-94 en www.turismodecuntis.com

Segundo as marcas dos sendeiros poderemos gozar de lugares de alto valor natural, artístico e etnográfico.

gastronomía

No Entroido celébrase en Cuntis a festa gastronómica do lacón con grelos, un dos pratos galegos máis nomeados.

Os produtos da terra e a cociña de vangarda conxúganse nunha grande oferta de restauración.

onde durmir

Pola súa tradición balnearia, Cuntis dispón de dous hoteis de catro estrelas, un hotel rústico e varias pensións situadas en edificios singulares. Complementan a oferta para o descanso cinco establecementos de turismo rural.

Máis información: www.turismodecuntis.com

